



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xuño 2024 • Nº 290



XUÑO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

HORARIO DE VERÁN NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

■ O horario de atención ao público será de 09:00 a 13:00 horas dende o 15 de xuño ao 15 de setembro (ambos incluídos).



XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

• HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

• Email: registrocivil.vedra@xustiza.gal



XESTIÓN TRIBUTARIA

LEMBRA CALENDARIO FISCAL IVTM 2024

■ **Ata o 17 de xuño** está a disposición dos contribuíntes os recibos en período voluntario do IVTM.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) pódense comprobar os recibos, obter a carta de pago e incluso realizar o pago do imposto. Tamén se pode solicitar a carta de pago no propio Concello.

Máis información e consultas no teléfono do Concello 981 814 612.

SERVIZO DE REPARACIÓNS NO SERVIZO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas que algún farol non funciona podes chamar ao 699 304 702.

INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA O TERCEIRO MARTES DE CADA MES ...EN XUÑO SERÁ O MARTES DEZAOITO

■ Vedra oferta este servizo mensual de información de catastro.

CITA PREVIA OBRIGATORIA no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h.).

MOI IMPORTANTE: SÓ SE DARÁN CITAS PARA ASUNTOS RELACIONADOS CON BENS CATASTRAIS DENTRO DO TERMO MUNICIPAL.



Día das Letras Galegas en Vedra: A Maxia de Europa con Pedro Bugarín.



Día das Letras Galegas en Vedra: Os encontros co escritor vedrés de literatura infantil: Ramón Blanco, autor dos contos "Pegasiño" e "Cachucho" en todos os centros escolares de Vedra.



Día das Letras Galegas en Vedra: O Festival das Letras Galegas.



Entrega de composteiros da campaña de compostaxe en Vedra.



Entrega de agasallo á nosa maior na Romaría da Terceira Idade.



Entrega de agasallo ao noso maior na Romaría da Terceira Idade.



XXXI Romaría da Terceira Idade de Vedra.



Curso de monitorado de transporte e comedor escolar na Casa da Estación.



Irmandade entre a camelia de Vedra e o castiñeiro de Riós no Festival Latexos do Rural.



Presenza de Vedra no Gastrotur no Concello de A Estrada.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



XXIV Festa da Orella en San Fins de Sales.



Torneo F-8 do C.D. San Mamed.

SERVIZOS PARA A RECICLAXE

■ Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición veciñal.

PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
 - Sábados: de 9:00 a 14:00 horas.
- (XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de voluminosos a domicilio, para facerse cargo deses refugallos que non tes maneira de trasladar ao punto limpo. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a recollida!!



TABOLEIRO DIXITAL DE AXUDAS E OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

■ Na web municipal www.concellodevedra.gal está habilitada unha ventá dentro da sección Actualidade Municipal, na que sempre poderás ver as axudas que podes solicitar e outras informacións de interese xeral.

Deste xeito sempre terás un lugar de recurso que visitar e ter á túa disposición.



VEDRA BONITA

■ O Concello de Vedra lembra que colocar carteis anunciadores de festas ou de calquer outro evento en colectores, sinais de tráfico, en marquesiñas,... ou en calquera outro lugar non habilitado para tal fin supón sancións que van dos 90 aos 1000 €.

Coa primavera en pleno esplendor e o verán ateigado de festas que nos agarda, lembramos a importancia de cumprir a normativa da ordenanza municipal de residuos e reguladora das condicións para o mantemento da salubridade e ornato público no termo municipal. Unha ordenanza que naceu co obxecto de regular en Vedra a xestión dos residuos e as condicións para a promoción e mantemento da limpeza, salubridade e ornato das vías e espazos públicos e privados do termo municipal e que toma especial relevancia nesta tempada do ano.

Na actualidade mellorou substancialmente esta realidade, pero por desgraza seguen a ser demasiadas as ocasións nas que o ornato e a imaxe pública se ven deteriorados pola irresponsabilidade de quen non respecta nin esta ordenanza nin a limpeza da nosa contorna. A esa xente o Concello de Vedra lémbrralle que o incumprimento da ordenanza municipal supón sancións que van dos 90 aos preto dos 1.000 €.



DÍA DA XUVENTUDE EN VEDRA

MARTES 2 DE XULLO DE 16:00 A 21:00 H. NO VELÓDROMO DE VEDRA

■ O DÍA DA XUVENTUDE é un programa promovido pola Dirección Xeral de Xuventude en colaboración co Concello de Vedra. Está dirixido aos mozos e mozas de entre 12 e 35 anos, así como un espazo de construcións para nenos e nenas de 6 a 12 anos.

Neste evento lévanse a cabo distintas actividades e obradoiros de educación non formal que teñen como obxectivo sensibilizar, entreter e formar á mocidade local, así como dar a coñecer outras actividades da Dirección Xeral de Xuventude.

Contaremos con: Gastronomía saudable: demostra-

ción culinaria, cócteles sen alcohol. Lecer educativo: fútbol humano, tiro con arco, espazo de construcións. Punto informativo: información para a mocidade. Concienciación ambiental: xogo de escape e realidade virtual.

Expresión artística: obradoiro de arte colaborativa. Educación en igualdade de xénero: tipos de violencia, cimentos en xogo. Fomento das habilidades para a empregabilidade: recursos, Kahoot!. Dinamización da contorna: espazo musical.



VERÁN 2024!!

■ Vedra no verán échese de posibilidades de conciliación e moita diversión!!

LUDOVERÁN

No período de vacacións escolares a nosa ludoteca pasa ao horario de mañá.

PISCINA MUNICIPAL

Nos meses de xullo e agosto. Abrirá todos os días en horario de tarde (agás en caso de mal tempo).

En vindeiros boletíns toda a información sobre tarifas, abonos e moito máis.

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN

Estes xa teñen o seu prazo de inscrición previa pechados e ofertarán diferentes experiencias lúdicas para a mocidade dos oito aos dezaoto anos.

CAMPAMENTOS DE VERÁN EN VEDRA DAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

As asociacións "Club Olímpico de Vedra" "ANPA CEIP Ortigueira" e "Amabul" un ano máis propoñen as súas alternativas...

Bótalle un ollo ás súas propostas, infórmate e participa!!

ACAMPARTE 24

DO 1 AO 31 DE XULLO DE 10 A 14 HORAS

SERVIZO MADRUGA "BAIXO DEMANDA"

PERSOAS SOCIAS:
165€ - MES.
115€ - QUINCENA.
75€ - SEMANA.

PERSOAS NON SOCIAS:
205€ - MES.
135€ - QUINCENA.
95€ - SEMANA.

*20% DESCONTO SEGUNDO IRMÁN

ANPA ORTIGUEIRA, Concello de Vedra, XUNTA DE GALICIA

IV CAMPUS Olímpico de Vedra

DO 1 Ó 31 XULLO NADOS 2008-2017 DE 10.00H A 14.00H

-OPCIÓNS DE MES COMPLETO/QUINCENA-15/16-31
-DESCONTOS PARA O 2º IRMÁN/IRMÁ -DESCONTOS PARA DEPORTISTAS CLUB TEMPADA 2024
-PRAZAS LIMITADAS! ASIGNADAS POR ORDE INSCRICIÓN
-ACTIVIDADES MULTIDEPORTE. BUSQUEDA DO TESOURO, PISCINA, RUTAS RÍO ULLA, UN DÍA NA PRAIA, RUTA/ANDAINA CON PERNOCTA, E MOITO MAIS... (DESPLAZAMENTOS EN BUS NON INCLUIDOS NA COTA)

Concello de Vedra

APERTURA INSCRICIÓN A PARTIR DO 15/5/2024 ENLACES NAS NOSTRAS REDES SOCIAIS ACTIVIDADE DE PROMOCIÓN DO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

Patrocinadores e colaboradores do Club: Ulla Oil, FERRETTI, Ferroglobe, AUGA

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL

CASA DAS ARTES DE SAN FINS (VEDRA)

CAMPAMENTO BENXAMÍN (Nenas/os nadas/os entre 2018 e 2020)
CAMPAMENTO INFANTIL (Nenas/os nadas/os entre 2012 e 2017)
CAMPAMENTO XUVENIL (Mozas/os nadas/os antes de 2012)

Quenda xullo (mes completo ou quincenas naturais)
Quenda agosto (mes completo ou quincenas naturais)

Excursións, praia, piscina, senderismo, calcio, xogos, observación e orientación, sensibilización ambiental...
e como novidade este ano... PERNOCTAS XUVENIS!!!

PRAZAS LIMITADAS
MAIS INFO E INSCRICIÓN:
www.amabul.org

AMABUL programa de educación ambiental

20 ANOS AMABUL 1994-2024

Concello de Vedra



CORRENTES DO ULLA

■ Non podedes perder este conxunto de actividades arredor do Río Ulla que presentan os Concellos de Vedra e Boqueixón.

DESCENSO DO ULLA (29 DE XUÑO)

Prezo: 25€ por persoa (inclúe caiaç de dúas persoas, chaleco salvavidas e seguro)

ESCOLA DE PESCA (10 E 11 DE XULLO)

Actividade gratuíta impartida polo campión do mundo de pesca con mosca David Arcay coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CAMPO DE VOLUNTARIADO "UNINDO ROTEIROS" (DO 15 AO 26 DE XULLO)

Actividade de recuperación medioambiental e etnográfica + dinamización sociocultural, coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude.

GOZA DO ULLA "ROTEIROS DE PESCADORES" (O 20 DE XULLO)

Un percorrido de case 10 km dende o Campo do Río de Ponte Ledesma ata Codeso.

PASEO EN BICI POLO VAL DO ULLA "COA ASOC. RIBADOULLA" (O 28 DE XULLO)

Un percorrido circular de 30 km en bicicleta co punto de reunión na Área de Recreo de Castiláns (xunto ao Pazo de Ortigueira en Santa Cruz).

GOZA DO ULLA "COUTO DE XUMONDE A PONTEVEA" (O 4 DE AGOSTO)

Unha etapa de sendeirismo de 10 km dende o Couto de Ximonde ata a ponte medieval de Pontevea-Reis (Teo)

Infórmate e inscíbete en calquera das accións deste programa na web municipal www.concellodevedra.gal

DESCENSO DO ULLA
29 de xuño.
Perccorrido: Dende o Campo do río de Ponte Ledesma ata a Área de Recreo de Agronovo.
Prezo: 25 € por persoa (inclúe caiaç de 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro).
Observacións: Poderán participar as persoas maiores de 13 anos con autorización.
Prazas limitadas.

ESCOLA DE PESCA
10 de xuño na Área de Recreo de Agronovo.
11 de xuño na Área de Recreo de Suíra.
Introdución ao mundo da pesca sostible e á concienciación coa natureza.
Imparte: David Arcay (campión do mundo de pesca con mosca).
Colabora: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
Prazas limitadas.

CAMPO DE VOLUNTARIADO "UNINDO ROTEIROS"
Do 15 ao 26 de xuño.
Recuperación medioambiental e etnográfica + dinamización sociocultural.
Idades: De 18 a 30 anos.
Colabora: Dirección Xeral de Xuventude.

GOZA DO ULLA (ROTEIROS DE PESCADORES)
20 de xuño.
Perccorrido: Saída ás 10 horas do Campo do río de Ponte Ledesma ata Codeso-San Pazo.
Distancia: 9,5 km aprox.
Dificultade: Media-baixa.
Prazas limitadas.

PASEO EN BICI POLO VAL DO ULLA (RIBADOULLA)
28 de xuño.
Perccorrido: Saída ás 10 horas da Área de Recreo de Castiláns (xunto ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla), inicialmente en Ponte Ledesma, regreso ao punto de partida.
Distancia: 30 km aprox.
Dificultade: Media.
Prazas limitadas.

GOZA DO ULLA (DO COUTO DE XIMONDE A PONTEVEA)
4 de agosto.
Perccorrido: Saída ás 10 horas do Couto de Ximonde ata a ponte medieval de Pontevea-Reis (Teo).
Distancia: 10 km aprox.
Dificultade: Media.
Prazas limitadas.

+ información e inscricións en:
www.concellodevedra.gal • www.boqueixon.gal

Concello de Vedra, Concello de Boqueixón, XUNTA DE GALICIA

Vedra en Europa



EVENTO PARTICIPATIVO SOBRE TURISMO DO PROXECTO WINEU.RUR

■ No mes de maio o Centro de emprendemento A Estación acolleu unha dinámica participativa enmarcada no proxecto europeo winEU.rur que lidera Vedra.


A través da metodoloxía Oasis, participantes vencellados ao sector do turismo, da viticultura e do rural en xeral, debateron e traballaron sobre os retos do turismo sostible no rural do futuro e identificaron boas prácticas neste sector que poden axudar a acadar os obxectivos do proxecto.

Dende esta sección queremos agradecer a colaboración de todas as persoas participantes neste evento,

axentes activos do noso rural e que cos seus coñecementos fixeron esta dinámica moi produtiva.



LOITA CONTRA A VELUTINA



O CONTROL DA VESPA VELUTINA

Danos que causa esta especie invasora

- ✓ Reduce a biodiversidade dos ecosistemas por capturar moitas abellas e outros insectos polinizadores.
- ✓ Prexulzos económicos para os sectores apícola e froiteiro. Mata colmeas e reduce a produción de mel. Come e estraga moitas froitas.
- ✓ Seguridade cidadá. Se o niño se sente atacado, as velutinas poden saír en masa e atacar as persoas.
- ✓ Traballo forestal. Representa un risco de ataques se o traballador forestal non se decata da presenza dun niño na árbore que está cortando.

Control mediante o trameo

Cos coñecementos que temos a día de hoxe, podemos dicir que o trameo a finais de outono e na primavera é a mellor ferramenta que temos para combatela. Por cada fundadora que capturemos, evitaremos a creación dun niño. Desta maneira, impedimos a reprodución de miles de obreiras velutinas e que estas ataquen as nosas abellas no verán e no outono.

AS DATAS MÁIS RECOMENDABLES PARA POÑER TRAMPAS VAN DENDE PRIMEIROS DE MARZO A FINAIS DE XUÑO.

Onde colocar as trampas?

- En lugares onde se teñan detectado a presenza de velutinas en anos anteriores:
1. Os lugares máis recomendables para instalar as trampas cos seus atraentes son as zonas periurbanas, preto de edificacións, xa que é aí onde hai máis probabilidade de que instalen niños primarios. Nestes niños primarios é onde se asenta a raíña fundadora. Estes niños son moi sensibles ás condicións climáticas e desta maneira teñan máis posibilidades de sobrevivir.
 2. Tamén é moi importante colocar as trampas en lugares onde avistemos as velutinas, en flores de camelia e outras procedentes maiormente de Asia, hortas, xardíns etcétera.



Niños primarios

Trátase dun niño provisional que crea unha raíña fundadora. Non son máis grandes ca unha pelota de tenis. Cando vexamos estes niños é boa práctica eliminar a avespa fundadora conservando o niño primario. O motivo é que se conservamos o niño, este pode atraer outra fundadora que tamén podemos eliminar. Desta maneira, poderíamos capturar varias avespas fundadoras, evitando os correspondentes niños secundarios.



Trampas e atraentes

Trampas: Poden facerse caseiras con botellas de plástico. Tamén poden usarse as comerciais que hai no mercado.

Atraentes caseiros
Mesturar viño branco e cervexa negra ao 40% con zume de arandos ou outros zumes de froitas ao 20% e algunha velutina.

- ✓ Receber cada 15 días sen lavar as trampas.
- ✓ A cantidade de atraente a empregar será de entre 100-150 ml.
- ✓ Hai que renovalo cada 7 ou 15 días.

Atraentes comerciais:
Avispa Clac, Veto-Pharma. Seguir as instrucións do fabricante.



Quen pode colocar trampas?

Todas as persoas poden colaborar neste trameo masivo de primavera para capturar fundadoras: Os apicultores e apicultoras nos lugares próximos ás abellas onde haxa hortas e flores que visiten as velutinas. Os concellos, por medio dos servizos de xardinería e medio ambiente, poden tamén instalar trampas nos xardíns da súa demarcación. Os nenos e nenas poden construír trampas caseiras no coleio, levalas para a casa e colocalas nas hortas. Os fruticultores e as fruticultoras nas súas plantacións, na época que haxa flores na contorna á sociedade no seu conxunto, xa que este é un problema social que afecta a todos e a todas.



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ **Bingo especial de verán**
Xoves 6 de xuño ás 21:00 h.

■ **Baile-Sardiñada de San Xoán**
Sábado 15 de xuño ás 20:00 h.
Haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un tícket que ten un custo de 10 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa).
Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social entre o 3 e o 12 de xuño.

■ **Teatro coa Agrupación de Maiores do Centro Social**
Venres 21 de xuño ás 21:00 h.
na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

■ **Clausura-fin de curso actividades**
Xoves 27 de xuño ás 20:00 h.
(As persoas interesadas en participar na clausura de fin de curso, deberán anotarse na cafeteira do Centro Social ata o 25 de xuño).

"UNHA HISTORIA DE AMOR, DETECTIVES E ASASINATOS"

A CONEXIÓN AUGARDENTE



GRUPO DE TEATRO DE MAIORES DO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

Venres 21 xuño 21:30 horas

Concello de Vedra

Escenarío: Iglesias/Serén Chas/ Perfecto Casal/
Zoe Lúa Álvarez/ Loida Costas/ Adrián Vique/
Cándida Fernández/ Elina López/
Elyra Costas/ Isabel Arnaiz/ Esther Constante/
Montaña Manuel Rendón/ Paulino Vaamonde/
Texto orixinal: Manuel Martínez/
Adaptación e dinamización: Iván García/



LUDOTECA MUNICIPAL EN XUÑO

■ A ludoteca continúa a proporcionar á infancia vedresa, espazos lúdico/educativos adecuados para favorecer o crecemento persoal, a adquisición de valores, hábitos, habilidades, a súa socialización e o desenvolvemento das súas capacidades. Desenvolve programas de actividades baseadas na aprendizaxe por medio do xogo, a vivencia de experiencias novas, o desenvolvemento de talleres, de dinámicas de grupo, etc.

NOVIDADES NO HORARIO: Do 21 ao 30 de xuño a ludo abrirá de 8.30 a 14.30h., como nos meses de xullo e agosto.



LUDOTECA CURSO 2024/2025 E SERVIZO DE MADRUGA PRAZO DE INSCRICIÓNS ABERTO DO 15 DE XUÑO AO 15 DE XULLO

■ As familias que queiran usar calquera destes servizos de conciliación (ou ambos) teñen que solicitar a súa praza neste período para comezar a actividade con normalidade dende o inicio do novo curso. **Máis información nos teléfonos: 981 814 693 e/ou 699 041 486.**

- Prazo de inscrición: do 15 de xuño ao 15 de xullo
- Lugar de presentación de solicitudes:
 - Na Sede Electrónica na páxina web municipal.

- Presencialmente: con CITA PREVIA NOS TELÉFONOS 981 814 693 ou 981 814 612 no Rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.
- O modelo de solicitude colgarase na páxina web do concello

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



VIOLENCIA DE XÉNERO DIXITAL

■ Desde un concepto amplo das formas de violencia sobre a muller, entendendo por tales todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual e/ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada, tal e como se recolle na Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller aprobada pola Resolución da Asemblea Xeral das Nacións Unidas 48/104 do 20 de decembro de 1993; hai que ter en conta novas formas de violencia de xénero que están a xurdir como consecuencia da aparición e desenvolvemento das novas tecnoloxías. Todas estas condutas de violencia de xénero que se exercen a través das novas tecnoloxías, das redes sociais ou de internet podémolas englobar baixo a denominación de violencia de xénero dixital. Esta nova forma de exercer violencia de xénero particularmente está a afectar a colectivos vulnerables como o da adolescencia. O cibercoso como forma de exercer a violencia de xénero na mocidade: un risco na sociedade da información e do coñecemento no que se mostra un aumento das condutas de violencia de xénero dixital en adolescentes.

Entre estas condutas, o cibercoso supón unha forma de limitación da liberdade que xera dominación e relacións desiguais entre homes e mulleres que teñen ou tiveron unha relación afectiva. Supón unha dominación sobre a vítima mediante estratexias humillantes que afectan á privacidade e intimidade, ademais do dano que supón á súa imaxe pública. Prodúcese xeralmente sen que haxa coincidencia física; a reiteración convértese na estratexia de invasión da intimidade máis utilizada polos acosadores.

É importante incidir nesta nova forma de exercer violencia de xénero, xa que é frecuente, sobre todo na adolescencia e a mocidade, unha percepción moi baixa dos seus efectos perniciosos que son entendidos como molestias irrelevantes ou inocuas. Internet e as redes sociais constitúen un ámbito no que a poboación máis nova se atopa moi cómoda e no que desenvolve as súas capacidades e relacións sen as limitacións impostas noutros ámbitos. Por iso, determinados patróns de uso de internet que poden ser interpretados como prácticas de risco, tales como intercambiar información ou imaxes privadas, o control por parte da parella a través das redes sociais, quedar cun descoñecido por internet etcétera non se perciben como un perigo, senón como algo "normal".

As vítimas que sofren violencia de xénero dixital teñen dereito á asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación en que se atopaba a vítima antes de padecela ou, polo menos, paliar os seus efectos.

- **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra** de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas
- **CIM, centro de información á muller:**
 - atención xurídica: venres de 8:00 a 15:00 h.
 - atención psicolóxica: martes de 8:00 a 15:00 h.

INFÓRMATE NO TELÉFONO 981 814 693



Cultura

A XANELA DA LINGUA...

ESPAZO DEDICADO Á POSTA EN VALOR E DIFUSIÓN DA NOSA LINGUA!

■ Nesta ocasión presentamos o PORTAL DA LINGUA que a Xunta de Galicia pon a disposición do público. Nel tes toda a información de interese sobre o noso idioma: como coñecelo, aprendelo, promovelo, investigalo, proxectalo,...

Visita o espazo web <https://www.lingua.gal/portada>

e infórmate sobre cursos, certames, convocatorias,...



FESTA D@ SOCI@ DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ O venres 14 de xuño ás 20:00 horas na Casa da Cultura de San Miguel coa actuación dos diferentes grupos da asociación, para poñer o punto final a este curso. Ao rematar sardiñada e churrascada para @s soci@s.

@s non soci@ tamén poderán asistir pagando 10 €.



FESTIVAL FIN DE CURSO DA ESCOLA DE MÚSICA DE VEDRA

■ O sábado 15 de xuño pola mañá no Centro Sociocultural de Vedra.

FIN DE CURSO DA ACTIVIDADE "TEATRO INFANTIL" DA ASOC. CULTURAL PAPAVENTOS

■ O domingo 16 de xuño no Centro Sociocultural de Vedra a partir das 16:30 horas.



DÍA DA BICICLETA COA ASOCIACIÓN RIBADOULLA O DOMINGO 16 DE XUÑO

■ Será unha festa para toda a familia: con incha- bles, sorteos, xogos... e non poden faltar os dous paseos en bici:

- Unha ruta infantil de tres quilómetros.
- E outra de quince quilómetros para o resto de participantes.

Á chegada repoñeremos forzas con pizza, callos, empanada e larpeiras. Unha xornada para disfrutar!

- Inscricións na web: www.ribadoulla.es
- Prezos: A cativada de balde e as persoas adultas tres euros.



XVIII RUTA CABALAR RÍO PEREIRO O DOMINGO 16 DE XUÑO

■ Volve a San Fins esta cita coa natureza e o amor polos cabalos.

E despois de realizar a ruta haberá o tradicional xantar no que te podes anotar nos teléfonos (606 808 057 ou 648 443 257 antes do mércores 12 de xuño.

OLLO! O día da ruta non se venden entradas!



A ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA

■ A Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra celebra o final do seu curso escolar coa seguinte programación:

O **19 e 20 de xuño** na Casa da Cultura de Santa Cruz a partir das 17:00 horas celebraranse as **audicións en familia**.


Olo!! O 19 e 20 de xuño prazo de **prematrícula** para

o curso 2024/2025 na Casa da Cultura de 19:00 horas a 20:30 horas.

O **sábado 22 de xuño** na Casa da Cultura de Santa Cruz Festival Fin de Curso ás 20:30 horas.

Ao remate chegará a tradicional "Sardiñada" para as familias socias desta entidade.

Vedra Festeira



FESTA DAS FLORES EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ O **domingo 2 de xuño**. Con misa solemne ás 12:30 horas e a continuación actuación do grupo de gaitas "Asoc. Cultural San Pedro de Carcacía" e baile galego de nenos, nenas e maiores. Ás 19:00 horas "Rosario e Poesías". Sesión de baile co grupo PHANTOM.

FESTA DA SANTA ISABEL, NA CAPELA DE SAN FINS DE SALES

■ O **domingo 2 de xuño**. Con misa rezada ás 10:00 horas e misa solemne ás 13:00 horas. Sesión vermú a cargo do dúo musical "Reflejos".

FESTA DE CORPUS EN VEDRA

■ O **domingo 9 de xuño**. Con misa cantada ás 13:00 horas. Música a cargo de Irene Angueira.

FESTAS DO VERÁN EN SAN XIÁN DE SALES

■ O **venres 21 de xuño**: as vésperas.

■ O **sábado 22 de xuño**: o San Antonio con misa solemne ás 13:00 horas.

■ O **domingo 23 de xuño**: o Santísimo con misa solemne ás 13:00 horas.

FESTAS DO SAN PEDRO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN

■ O **sábado 29 de xuño** Verbena co Dúo "Aires de Broña" e o grupo "Puzzle".

■ O **domingo 30 de xuño** Verbena co Dúo "Reflejos" e a orquestra "Finisterre".

■ O **domingo 7 de xullo** sesión vermú coa Banda de Música de Santa Cruz.

FESTAS DO SAN PEDRO EN SAN PEDRO DE VILANOVA

■ Os días 29 e 30 de xuño.



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS